

# **ABORDAXE DUN CASO TÍPICO DE DISLEXIA-DISORTOGRAFÍA**

**Paula Outón Oviedo**

Universidade de Santiago de Compostela

## **RESUMO**

Neste artigo preséntase a intervención que se levou a cabo cun escolar disléxico de 2º de educación primaria. Realizouse unha avaliación diagnóstica, estudando diferentes aspectos do escolar (evolutivos, médicos, escolares, psicopedagóxicos, familiares ...). Logo, deseñouse e aplicouse unha recuperación axustada ás necesidades educativas detectadas nese estudo inicial. A recuperación caracterizouse por unha atención individualizada, especializada e centrada na linguaxe escrita. Despois dunhas 30 sesións de recuperación, os resultados obtidos amosan que a intervención produce unha mellora significativa nas áreas de lectura e escritura, comprobándose así a eficacia do programa.

## **PALABRAS CLAVE**

Dislexia, intervención, tratamento, dificultades de aprendizaxe.

## **1. INTRODUCCIÓN**

Ao longo da historia da dislexia, atopamos diferentes prácticas que tentaron coñecer e remediar nun curto período de tempo as dificultades dos suxeitos que presentan este problema. Mensaxes recentes como “Uns novos lentes poderían ter a solución” (Fernández, 2003, p. 68), “Un polémico tratamento con pastillas contra o mareo é a última iniciativa” (Fernández, 2000, p. 64), “O don da dislexia. Novo método para corrixir a dislexia e outros problemas de aprendizaxe” (Davis, 1994/1999)... repítense con certa asiduidade nas publicacións e medios de comunicación, co gallo de engaiolar pais ansiosos que buscan unha solución inmediata ao problema de lectura e de escritura dos seus fillos. Obviamente, a intervención na dislexia debe ir por outro camiño, e esas prácticas, lonxe de ser a panacea, son consideradas controvertidas polos investigadores do campo, por non dispor de suficiente apoio empírico e estar baseadas en posturas reduccionistas.

Neste artigo exemplifícase, de xeito resumido, a intervención realizada cun escolar disléxico de 2º de Educación Primaria, seguindo un modelo de intervención deseñado especificamente para a actuación con suxeitos que presentan a devandita dificultade. Este modelo reflicte un enfoque teórico integrador, equilibrado, sistemático, centrado na lectura e na escritura e aberto ás diversas orientacións teóricas existentes na literatura deste trastorno. Con iso pretendemos emendar as actuacións reducionistas que ao longo da historia se desenvolveron e que hoxe en día aínda seguen practicando algúns profesionais cos escolares disléxicos.

## **2. AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA**

### **2.1. Demanda e datos de identificación**

En xaneiro de 2001, a nai de Alberto tróuxoo por primeira vez á consulta da sección de Paidopsiquiatría dun hospital de Galicia, a instancias do médico de cabeceira. O motivo de consulta especificábase nestes termos: “Neno consultado pola psicóloga infantil pola mala actitude na escola con pouca atención e escaso progreso escolar. Rogan valoración”. Alberto tiña 7 anos e cursaba 2º de Educación Primaria.

O caso foi remitido pola doutora da sección mencionada ao neurólogo en abril de 2001 e a nós en xuño do mesmo ano como: “Paciente con antecedente de embarazo de alto risco. Cesárea. Trazos psicóticos. Dificultades de aprendizaxe, déficit de atención e hiperactividade. Inmaturo”.

### **2.2. Información do contexto**

*Familiar e comunitaria:* a familia componse do pai (53 anos), a nai (49), irmá (22) e Alberto (7). O pai é fontaneiro, a nai, ama de casa, ambos os dous con estudos primarios completos. A familia reside nunha pequena localidade de Galicia. Na casa, os pais falan galego entre eles e castelán con Alberto. Os pais non teñen hábito de lectura, malia que en ocasións len o xornal e algún que outro libro.

*Evolutiva e médica:* o embarazo de Alberto foi considerado clinicamente de alto risco, debido á idade da nai (40 anos) e aos seus antecedentes de aborto. Alberto naceu ás 40 semanas de xestación dun parto con cesárea. Empezou a andar aproximadamente ao ano e a falar ao redor do ano e medio. Tivo dificultades para pronunciar correctamente os fonemas /f/ e /r/ ata os 5 anos. Controlou esfínteres ao redor dos tres anos, cando foi escolarizado. Vístese e aséase só, aínda que necesita axuda para atar os cordóns dos zapatos e, en ocasións, pon as zapatillas ao revés. É destro.

*Escolar:* empezou a escola aos 3 anos no seu colexio actual. Iniciouse na aprendizaxe da lectura e escritura aos 4 anos en lingua galega. Nas cualificacións de 1º e 2º de educación primaria figura *NM* (Necesita Mellorar) nas áreas de lingua e literatura castelá, lingua e literatura galega, matemáticas, e neste último curso tamén en lingua estranxeira, polo que se decidiu que Alberto repetise 2º de Educación Primaria.

Nunha entrevista que mantivemos, no mes de outubro de 2001, coa profesora da aula de apoio, a profesora da aula ordinaria e o profesor dos cursos de 1º e 2º de Educación Primaria (do seu primeiro ano en 2º desta etapa), a profesora de apoio comentounos que Alberto xa tiña dificultades aos 3 anos, a esta idade víase que era un neno diferente. Segundo ela, foi avaliado polo equipo psicopedagóxico do sector cando cursaba o último curso de Educación Infantil, sen chegar a establecer un diagnóstico por ser o neno demasiado novo. En primeiro de educación primaria volveu ser avaliado polos mesmos especialistas, reflectindo no informe psicopedagóxico que Alberto era hiperactivo. Oralmente comunicáselles aos profesores da aula ordinaria e de apoio que posiblemente sexa disléxico.

Os pais, receosos deste ditame, consultáronlle o caso a unha psicóloga privada e ao médico de cabeceira. A psicóloga infórmaos de que Alberto non é hiperactivo, senón máis ben todo o contrario. (A nai comentáranos que Alberto podía pasar toda unha mañá de sábado xogando cos coches na sala). Opina que é un neno intelixente, que simplemente necesita madurar. Pola súa parte, o médico de cabeceira remíteo á sección de Paidopsiquiatría do hospital público de Galicia ao que fixemos referencia en “Demanda e datos de identificación”.

Alberto seguiu un programa de recuperación de lectura e escritura en galego durante os cursos de 1º e 2º de Educación Primaria. O programa foi levado a cabo conxuntamente polo profesor de aula ordinaria e a profesora de apoio. Con respecto aos resultados deste programa, a profesora de apoio manifesta: “Non había maneira de traballar con el e de motivalo. Non dabamos conseguido nada. Ao mellor parecía que hoxe aprendera unha determinada correspondencia, pero ao día seguinte xa non a sabía”.

Con respecto ao rendemento noutras materias, os tres profesores coinciden en sinalar que depende do día ou do momento. O profesor do ano pasado manifesta que ás veces, cando explicaba un problema de matemáticas no encerado e lles preguntaba como había que resolvelo, Alberto era o único da clase que sabía responder. En cambio, outros días “contestábache semellante burrada” que os seus compañeiros se rían del.

### 2.3. Linguaxe escrita

No tocante á linguaxe escrita, presentamos na *Figura 1* unha mostra dun ditado do TALE (Toro e Cervera, 1990) realizado na avaliación diagnóstica inicial para ilustrar as dificultades de Alberto en exactitude ortográfica, unións e fragmentación de palabras e calidade da letra. Tamén nas súas lecturas orais se poden observar dificultades de exactitude, automatización, puntuación, expresividade, etc.

**Figura 1**

*Mostra dun ditado de Alberto, realizado na avaliación diagnóstica inicial (xuño de 2001)*

si alavez calor  
ilimpio de nubes.  
una azul intenso  
azul contraste con el verde  
oscuro de los árboles  
el amarillo de los campos  
de los arboles  
de labor / recién  
segados.  
el sol se había escondido  
por el horizonte  
y ahora salían todas  
las estrellas del cielo  
a tomar el fresco de la  
noche

Hoy había hecho calor y el cielo estaba limpio de nubes. Un azul intenso hacía contraste con el verde oscuro de los árboles y el amarillo de los campos de labor, recién segados. El sol se había escondido por el horizonte y ahora salían todas las estrellas del cielo a tomar el fresco de la noche.

## 2.4. Linguaxe oral

Na proba Avaliación da Conciencia Fonolóxica (Outón, 2003) obtivo puntuacións particularmente baixas nos subtests de omisión de sílabas finais, síntese de sons, omisión de fonemas finais e omisión de fonemas iniciais.

En canto ás dificultades de Etiquetaxe Verbal, Alberto cometeu erros en todos os subtests da proba Avaliación de Etiquetaxe Verbal (Outón, 2003), especialmente na etiquetaxe de froitas e na etiquetaxe de instrumentos. A súa velocidade para nomear os ítems foi considerablemente baixa, tardando nalgún dos subtests ata 6'11".

## 2.5. Procesos cognitivos

Na escala de intelixencia de Wechsler (Wechsler, 1974/1995), Alberto obtivo un CI total de 102, sendo o seu CI verbal (93) inferior ao manipulativo (111). Ao analizar as puntuacións obtidas en cada un dos subtests desta escala, observamos que Alberto obtén un perfil moi semellante ao tipicamente asociado cos disléxicos (Searl, 1997), no cal as puntuacións máis baixas destes suxeitos corresponden aos subtests de aritmética, claves, información e díxitos (o perfil ACID). No RAVEN (Raven, Court e Raven, 1988 /1996) obtivo un centil de 90, que o sitúa no grao II+ ou claramente por enriba da media na capacidade intelectual.

Alberto tivo un rendemento baixo en capacidade de memoria inmediata, acadando un centil de 35 no test MY (Yuste Hernanz, 1994).

## 2.6. Anatomía e funcionamento cerebral

Nuns potenciais evocados auditivos do tronco cerebral (PEATC) e de latencia media (PEALM), en vixilia e en sono superficial, realizados en abril de 2001, obsérvanse respostas tálamo-corticais compatibles con normoacusia e déficit de activación reticular.

## 2.7. Outras dificultades típicas dos disléxicos

No test de Dislexia Bangor (Miles, 1982; Outón, 1996) obtivo unha puntuación de 9 positivos dun total de 9 ítems administrados. Incongruencias típicas da persoa disléxica, tales como dicir as estacións no canto dos meses, empregar os dedos para facer operacións de resta sinxelas e miradas cara ás mans no ítem esquerda-dereita, observáronse na análise cualitativa das súas respostas.

Con respecto a outros indicadores de dislexia, nas entrevistas cos pais e profesores sinaláronse os seguintes: ten obvios días “bos” e “malos” no traballo esco-

lar sen razón aparente; ten dificultades para reter series, como os días da semana, os dedos da man e o abecedario...; confúndese co vocabulario que ten que ver coa orientación temporal; ten dificultades para manexar o reloxo; lévalle máis tempo que aos seus compañeiros facer as tarefas escritas e operacións simples; é acusado de non prestar atención case todos os días.

## **2.8. Síntese valorativa. Necesidades educativas e puntos fortes**

Consonte os requisitos establecidos para valorar se un suxeito presenta un problema de dislexia (Outón, 2003), cremos que a información recadada neste caso se axusta a este diagnóstico. As necesidades educativas especiais de Alberto están nas áreas de lectura, escritura e matemáticas (as dificultades en matemáticas non as incluímos neste traballo). Alberto concretamente necesita:

- Mellorar a exactitude lectora e ortográfica, para o que é necesario desenvolver a súa conciencia fonémica e afianzar e automatizar a aprendizaxe de todas as correspondencias.
- Mellorar a lectura oral no que se refire a ritmo, entoación, pausas e velocidade.
- Corrixir a unión e fragmentación de palabras, aprendendo a segmentar en palabras o enunciado antes de escribilo.
- Mellorar a calidade da letra e a presentación dos traballos, para o que é necesario que diferencie ben o *a* do *o*, o *b* do *l* e o *r* do *s* e do *z*, diminúa a lonxitude dos trazos finais, realice as letras con dimensións normais, separe regularmente as liñas...
- Mellorar a comprensión lectora e composición escrita a través da produción e interpretación de diversos tipos de textos “auténticos”, prestando atención a cuestións tales como: o propósito comunicativo, a calibración do que é axeitado dicir explícita ou implícitamente, a utilización de maiúsculas e da puntuación...
- Aumentar a súa competencia metalingüística, que o capacite para autoobservar, autocomprobar e autocorrixir as súas producións escritas e lecturas orais.
- Mellorar a súa autoestima, facendo que se sinta capaz de ter éxito en tarefas de lectura/escritura.

Como aspectos positivos cómpre sinalar os seguintes: destaca en debuxo, interésase pola lectura, é afable cos seus compañeiros, ten un ambiente familiar favorable e o seu CI é, cando menos, normal.

Cremos que cunha atención individualizada e especializada, en aproximadamente un semestre, é probable que se observen en Alberto considerables progresos nas áreas sinaladas.

### **3. RECUPERACIÓN**

#### **3.1. Adopción de decisións básicas**

- Alberto seguirá un programa de recuperación de lectura e escritura en castelán, malia ter iniciado esta aprendizaxe en lingua galega. Adoptamos esta decisión por ser a lingua materna e na que o escolar se sente máis seguro.
- O escolar traballará durante 1 sesión semanal de 2 horas coa autora deste traballo, fóra do colexio, nunha relación un-a-un. Ademais, traballará todos os días 1/2 hora cun dos seus pais, nunhas tarefas deseñadas e explicadas aos pais por nós. Adoptouse esta medida por problemas de desprazamento: Alberto ten que desprazarse todas as semanas uns 60 kms para asistir ás sesións.
- Alberto deixará de asistir á aula de apoio para que poida beneficiarse das mesmas tarefas que os seus compañeiros. Accidentalmente, esta decisión permitíranos unha certa valoración de se a posible mellora de Alberto se debe ou non ao noso programa.
- Suxeríronselle algunhas medidas de apoio á profesora da aula para seguir na clase, como a de lle dar a máxima atención individualizada e animalo a preguntar cando teña algunha dúbida, comprobar sempre que entendeu o material escrito co que debe traballar, evitar que lea en público se non o desexa.

#### **3.2. Deseño**

Das necesidades educativas especiais indicadas na síntese valorativa, derivamos os obxectivos finais da recuperación nestes ámbitos: exactitude lectora e escritora, lectura oral, unión e fragmentación de palabras, calidade da letra, comprensión lectora e composición escrita, metacognición e autoestima. Para cada un destes obxectivos seguíronse basicamente as orientacións didácticas xerais e específicas sinaladas en Outón (2003).

#### **3.3. Desenvolvemento da recuperación**

Para a posta en práctica da recuperación empregáronse unhas follas de programación-desenvolvemento, que conteñen os obxectivos que se van traballar na sesión, as actividades de ensino/aprendizaxe que se van realizar para cada obxectivo, as respostas do escolar a cada actividade, as dificultades que atopa, o tempo

que tarda en realizar as tarefas... Estas follas rexistrábanse nunha carpeta e constituían un mecanismo de avaliación continua/formativa, que nos ían informando sobre o progreso do escolar e orientando en relación con posibles cambios no programa. Na *Figura 2*, expoñemos unha destas follas correspondente a unha parte da sesión que tivo lugar na semana 13 da recuperación.

### Figura 2

*Exemplo dunha folla de programación-execución correspondente a unha parte da sesión que tivo lugar na semana 13*

Semana: 13		Data: 26/11/01
Obxectivos	Programación	Execución
1	<p>- Actividades coas letras b/B:</p> <p>. Alberto le o máis rápido posible a seguinte lista de palabras: bueno, buey, besugo, bañera, bus, bikini, biombo, bobo, bufanda, bicho, bebé, boca, baba, beber, boda, barrer.</p> <p>. Hoxe Carla está máis cansada que normalmente e empezou a dicir /ba/. Rodea cun círculo os obxectos que podería dicir a tartaruga (baúl, basura, ballena, batería, bañera, batidora, bala, balón, barril).</p>	<p>Tardou 47"69" e tivo 10 erros [2 graves e 8 leves]. A súa velocidade foi de 20 ppm.</p> <p>Tardou 1'50". Deixou sen rodear os obxectos <i>baúl, basura</i> e <i>bala</i>. Rodeou incorrectamente o debuxo da <i>brújula</i>.</p>
2,6	<p>- Alberto le a lista de palabras do libro <i>En el restaurante</i>.</p> <p>. Le primeiro a profesora modelando.</p> <p>. Le Alberto, faise un rexistro da lectura, grávase e cronométrase. Escóitase e analiza erros.</p> <p>- Alberto le o libro <i>En el restaurante</i>.</p> <p>. Le primeiro a profesora moi expresivamente.</p> <p>. Le Alberto, faise un rexistro continuo da lectura, grávase e cronométrase. Escóitase e analiza erros.</p> <p>. Facemos unha lectura conxunta.</p>	<p>Na lectura da lista tardou 53"19" e tivo 2 erros leves. A súa exactitude foi do 92% cunha velocidade de 28 ppm.</p> <p>Na primeira lectura do libro tardou 2'34"71" e tivo 11 erros [1 grave e 10 leves]. A súa exactitude foi do 91.54% cunha velocidade de 50 ppm.</p> <p>Na lectura conxunta ten dificultade para seguir o ritmo da lectura e respectar admiracións do texto.</p>


En abril de 2002, volvemos a administrarlle a Alberto algunhas das probas utilizadas na avaliación diagnóstica inicial para comprobar de forma máis rigorosa o progreso do escolar con respecto ao seu nivel inicial e ao nivel escolar no que se atopa. Na *Figura 3* preséntanse os resultados obtidos por Alberto na lectura oral das distintas probas do TALE, correspondentes á avaliación diagnóstica de xuño de 2001 e de abril de 2002, e a súa comparación co rendemento medio que lle correspondería en función do nivel escolar no que se atopa. Como se pode comprobar nesta figura, o número de erros diminuíu considerablemente en todos os subtests despois dunhas 30 sesións de recuperación, malia que aínda non se acada



o nivel normal de erros en palabras e texto. En xeral, podemos dicir que a inexactitude lectora do escolar se reduce de forma notable para achegarse ao perfil de execución lectora esperado na proba estándar (o nivel II do TALE).

**Figura 3**

*Número de erros cometidos por Alberto nos subtests de lectura oral do TALE*



Na *Figura 4* pódese observar o considerable progreso do escolar en exactitude ortográfica, unións e fragmentacións de palabras e calidade da letra. Compárese este ditado co realizado na avaliación diagnóstica inicial (*Figura 1*).

#### Figura 4

*Mostra dun ditado de Alberto, realizado na avaliación de abril de 2002*

Oi abia echo calor y el cielo estaba limpio de nubes. un azul intenso azia contraste con el verde oscuro de los arboles y el amarillo de los campos de labor, recién segados. El sol se abia escondido por el orizonte y agora salian todas las estrellas del cielo a tomar el fresco de la noche.

Hoy había hecho calor y el cielo estaba limpio de nubes. Un azul intenso hacía contraste con el verde oscuro de los árboles y el amarillo de los campos de labor, recién segados. El sol se había escondido por el horizonte y ahora salían todas las estrellas del cielo a tomar el fresco de la noche.

#### 4. REFLEXIÓNS FINAIS

Os resultados anteriores permítennos comprobar que o programa de Alberto está a ser moi efectivo, opinión compartida polos pais e pola profesora da aula ordinaria. Lembremos que Alberto seguira un programa de recuperación en lectura e escritura durante os cursos de 1º e 2º de Educación Primaria e os seus profesores manifestaran explicitamente a súa ineficacia.

A exactitude lectora mellorou cuantitativamente, como puidemos observar na diminución do número de erros graves e o predominio de erros leves nas probas de lectura. A comprensión lectora mellorou tamén substancialmente, chegando a acadar o nivel do seu grupo de referencia. Malia que a súa velocidade lecto-

ra aumentou máis do dobre, Alberto aínda ten que mellorar moito en aspectos como pausas, ritmo e entoación.

En canto á escritura, o progreso é evidente en exactitude ortográfica, calidade da letra e unións e fragmentacións de palabras. Non obstante, Alberto aínda necesita traballar máis os aspectos sinalados na síntese valorativa, posto que durante as trinta sesións que durou esta fase da recuperación só se familiarizou con dous tipos de textos (listas e notas).

Esta melloría nas áreas de lectura e escritura permítenos concluír que o modelo de intervención, a partir do cal se elaborou o programa de intervención de Alberto, parece acertado para resolver o problema da linguaxe escrita que presentan os disléxicos, problema con importantes repercusións no ámbito persoal, escolar, familiar e social.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

- DAVIS, R. D. (1999) *El don de la dislexia: nuevo método para corregir la dislexia y otros problemas de aprendizaje*. Madrid, Editex (1ª ed. orixinal, 1994).
- FERNÁNDEZ, L. (2000) El rompecabezas de la dislexia *El Semanal* (672) A64, A66. 10 de setembro.
- FERNÁNDEZ, L. (2003) ¿Cómo leer si las letras se mueven? *El Semanal* (837) A68. 9 de novembro.
- MILES, T. R. (1982) *The Bangor dyslexia test*. Cambridge. Learning Development Aids.
- OUTÓN, P. (1996) *Adaptación del test de dislexia Bangor al castellano y al gallego* (Memoria de Licenciatura non publicada). A Coruña, Universidade de Santiago de Compostela.
- OUTÓN, P. (2003) *Diseño, implementación y evaluación de programas de intervención con disléxicos* [versión electrónica]. (Tese Doutoral), A Coruña, Universidade de Santiago de Compostela.
- RAVEN, J. C., COURT, J. H. e RAVEN, J. (1996) *Raven manual: matrices progresivas (CPM - SPM - APM)*. Madrid, TEA Ediciones. 2ª ed. (1ª ed. orixinal, 1988).
- SEARL, E. F. (1997) *How to detect reading/learning disabilities using the WISC-III* Newark, DE, International Reading Association.
- TORO, J. e CERVERA, M. (1990) *TALE: test de análisis de lectoescritura*. Madrid, Visor. 3ª ed.
- WECHSLER, D. (1995) *WISC-R: escala de inteligencia de Wechsler para niños-revisada*. Madrid, TEA Ediciones. 4ª ed. (1ª ed. orixinal, 1988).
- YUSTE HERNANZ, C. (1994) *MY: tests de memoria*. Madrid, TEA Ediciones. 4ª ed.

Data de aceptación definitiva: 01/03/04